



## ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

*No CEIP Plurilingüe de Monforte de Lemos, sendo as 14:10 horas do día 2 de novembro de dous mil vinte e un, reúnen-se previa convocatoria das persoas designadas para constituír a Xunta Electoral, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ó obxecto de trata-los asuntos seguintes:*

**Primeiro.-** A directora do Centro, dona María Núñez Gutiérrez, que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

**Segundo.-** Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da Xunta Electoral do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:


- Presidenta: María Núñez Gutiérrez, *Directora do Centro.*
- Vocais:
  - Dona. Beatriz García (*Profesora*)
  - Dona Vanesa Pedreira (*Pai/Nai*)
  - Dona Rosario López (*Persoal de a. e s.*)
  - Dona: Non procede (*Alumno/a*)

*Actúa como Secretaria a profesora, Dona Teresa Fernández Gómez.*

**Terceiro.-** A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aproba-la publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o calendario electoral seguinte:

DATAS	ACTUACIÓNS
25 - Outubro (luns)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación no taboleiro de anuncios do Centro e envío de circular anunciando o sorteo para a designación dos membros da Xunta Electoral (Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1996, DOG do 09 de agosto).</li> </ul>
26 - Outubro (martes)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sorteo público, ás 14:10 horas, para a designación dos integrantes da Xunta Electoral (Titulares e Suplentes).</li> </ul>
27 - Outubro (mércores)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral / Data de constitución: 2 de novembro</li> </ul>
2- Novembro (martes)	<p><b>Primeira reunión da Xunta Electoral:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acto da súa constitución</li> <li>• Aprobación do calendario de actuacións</li> <li>• Publicación dos censos electorais.</li> <li>• Escrito ao Concello solicitando a designación do seu representante (Artigo 33 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1996; DOG do 09 de agosto).</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escrito á ANPA solicitando a designación do seu representante (Orde do 22 de xullo de 1997, capítulo VII 3.2)</li> </ul>
3 - Novembro (mércores)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación e envío das distintas convocatorias (profesores, pais e persoal e administración e servizos).</li> <li>• Circular explicativa do calendario de eleccións.</li> </ul>
4 - Novembro (xoves)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comeza o prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores (o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais) e das posibles reclamacións ao censo.</li> </ul>
9- Novembro (martes)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío de convocatoria de Claustro informativo (Artigo 35 do Decreto 92/1988).</li> </ul>
10 - Novembro (mércores)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Remata o prazo de presentación de candidaturas.</li> </ul>
11 - Novembro (xoves)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío de convocatoria de 2ª Reunión Xunta Electoral</li> </ul>
15 - Novembro (luns)	<p><b>Segunda reunión da Xunta Electoral</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (Admisión, proclamación e publicación de candidaturas. Aprobación definitiva de censos electorais. Aprobación de modelo de papeletas, sobres...Sorteo público de designación dos membros das mesas electorais).</li> </ul>
16 - Novembro (martes)	<p><b>Reunión de Claustro de Profesores</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• (Lectura de normas. Relación de candidaturas. Acordo de convocatoria de Claustro extraordinario).</li> </ul>
17- Novembro (mércores)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comezo das campañas electorais.</li> <li>• Envío de circular informativa aos pais do alumnado.</li> <li>• Envío de convocatoria de Claustro extraordinario.</li> <li>• Envío de citacións para a constitución das mesas electorais.</li> </ul>
19- Novembro (venres)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío de convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.</li> <li>• <i>Envío aos pais e nais do alumnado dunha circular recordatoria do día das votacións do seu sector</i></li> </ul>
23 - Novembro (martes)	<p><b>Votacións:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal de administración e servizos, de selo caso.</li> <li>• Profesorado. Claustro extraordinario</li> <li>• Pais, nais e titores legais do alumnado.</li> <li>• Alumnos e alumnas, de selo caso.</li> </ul>
24 a 26 - Novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Período de reclamacións contra a resolución das mesas electorais</li> </ul>
30 - Novembro (mércores)	<p><b>Terceira e última reunión da Xunta Electoral:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proclamación e publicación de candidatos electos.</li> <li>• Traslado das actas das mesas electorais ao titular da delegación provincial.</li> <li>• <i>Envío de convocatoria para a constitución do Consello Escolar (Artigo 52 do Decreto 92/1988, DOG do 29 de abril: "Convocar antes de 10 días". Son días hábiles, non se computan domingos nin festivos, polo que a constitución do Consello podería trasladarse incluso a despois dos festivos de decembro).</i></li> </ul>
4 - decembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Celebración de reunión do novo Consello Escolar:</i></li> </ul>



(martes)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Constitución do Consello.</li> <li>• Designación dos membros que van a constituír a Comisión Económica.</li> <li>• Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. (Art. 126.2 da LOE).</li> <li>• Constitución da Comisión da Convivencia Escolar. (Art. 6º do Decreto 8/2015, do 30 de xuño).</li> </ul>
Antes do 17 de decembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Envío á Xefatura Territorial da documentación (Anexo II da RESOLUCIÓN conxunta do 20 de setembro de 2.021 )</li> </ul>

*E sen máis asuntos que tratar, A DIRECTORA, como Presidenta da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 14: 35 horas do día, mes e ano ó principio mencionado e que, como Secretario/a, dou fe.*

*A SECRETARIA,*

*Vº E PRACE:  
A PRESIDENTA,*

Asdo.: María Núñez Gutiérrez



Asdo.: Teresa Fernández Gómez

*AS VOGAIS,*

Beatriz García  
(profesorado)

Rosario López  
(persoal non docente)

Vanesa Pedreira  
(pais e nais)